



NORMAS/PROTOCOLO ANTI COVID-19 PARA AS ACTIVIDADES FORMATIVAS PRESENCIAIS EN QUEIROA

As normas abaixo relacionadas son específicas para iniciar o novo curso en Queiroa con aulas presenciais e deberían atender a cumprir ás seguintes recomendacións básicas de saúde e loita contra a COVID-19 marcadas polas institucións sanitarias:

- Evitar a proximidade física con outras persoas
- Manter un distanciamento social de 1,5m como mínimo.
- Realizar lavado de mans ou desinfección das mesmas cando non se poida.
- Evitar as reunións de persoas, e no caso de ter que realizarse, estas serán coa menor cantidade de membros posible.
- Evitar permanecer en espazos pechados ou con aireación deficiente.
- Utilizar a máscara de protección.
- Illarse de outras persoas no caso de sospeitar ter síntomas da COVID_19

USO DE MASCARA:

- O emprego da máscara é obrigatorio durante todas as actividades agás nos/as menores de 6 anos, para quen será recomendada.
- A utilización tamén é obrigatoria nos accesos aos locais das aulas.
- As mascarillas serán por conta de cada alumno/a e será a súa responsabilidade o seu uso correcto e que se manteñan en condicións óptimas de emprego así como a súa caducidade.
- Os/as monitores/as poderán solicitar á xunta directiva, mascarillas de protección tipo FFP2 como EPI cuxo uso é recomendado . Estas mascarillas serán por conta da Asociación.
- En cada clase haberá mascarillas de reposto para o caso puntual de que fora necesaria para o alumnado. O reparto destas mascarillas será realizado polo/a monitor/a.
- Nas aulas onde se empreguen instrumentos de vento soprado como a gaita ou a frauta, está permitido quitar a máscara durante a interpretación da peza musical. Nos intervalos entre as pezas é obrigatorio volver a poñer a mascarilla.

ASOCIACIÓN DE MÚSICA E DANZA TRADICIONAL



Rúa Miguel Pereiro Tacón, s/n
15168 Sada (A Coruña)
Telf.: 650 31 30 88
www.queiroa.org – Email: grupo.queiroa@gmail.com
CIF.: G15862956

ALUMNADO XERAL:

- A asistencia ás aulas de Queiroa é voluntaria por parte do alumnado.
- O feito de matricularse nunha determinada aula supón para o alumno/a que coñece estas normas específicas de Queiroa anti COVID-19.
- O alumnado asinará un documento onde se compromete a cumprir as normas deste protocolo.
- Non poderán asistir ás aulas os/as asociados/as que non teñan asinado o documento anterior.
- No caso de alumnas/as menores de idade o documento deberá estar asinado por un dos representantes do/a menor.
- Non asistirán ás clases as persoas que teñan síntomas compatibles coa COVID-19
- Tampouco deberán asistir as persoas que se atopen en aillamento, en cuarentena ou en espera de diagnóstico por COVID-19.
- Se un/unha alumn/a ten confirmación de padecer a COVID-19, é obrigatorio comunicarllo á xunta directiva da Asociación o máis axiña posible.
- Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou os/as monitores/as que convivan con elas non poderán acudir ás actividades ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo.
- Os/as asociados/as con padecementos ou idade que estean catalogados/as como persoas vulnerables ao risco COVID-19 aconséllaselle non inscribirse nas actividades.
- En cada actividade Queiroa levará un control e rexistro das persoas participantes co fin de poder facilitar o rastrexo no caso de producirse un positivo en coronavirus. Na ficha de rexistro figurará: Dia, lugar, actividade, nome do/aalumno/a, hora de entrada e hora de saída e posición na clase.
- O rexistro de asistentes/as será custodiado pola directiva da Asociación como mínimo un mes.
- A directiva da asociación terá a obriga de gardar o segredo sobre dos datos dos/as alumnos/as por terse aplicado o presente protocolo.
- A matriculación do/a alumno/a nunha aula supón a aceptación de que se rexistren os seus datos de asistencia.
- Cada monitor/a será o encargado/a de cubrir diariamente o rexistro de asistencia e subilo a un almacenamento web específico.
- Durante o período de pandemia queda suspendido o proceso de cobro das cotas en man. O Pagamento de cotas por parte do alumnado será sempre por transferencia bancaria ou domiciliación.
- O alumnado non poderá asistir ás clases acompañado de terceiras persoas.
- Non está permitido comer nas aulas.
- Condicionados/as polo baixo aforo que está permitido en cada local, a xunta directiva poderá establecer medidas que permitan unha maior asistencia de todos os/as asociados/as a algunha aula.

ASOCIACIÓN DE MÚSICA E DANZA TRADICIONAL



Rúa Miguel Pereiro Tacón, s/n
15168 Sada (A Coruña)
Telf.: 650 31 30 88
www.queiroa.org – Email: grupo.queiroa@gmail.com
CIF.: G15862956

- A asociación non conta con persoal COVID ou persoal sanitario que se poida ocupar de dar atención no caso de detectarse un caso de coronavirus durante as actividades, é responsabilidade do/a alumno/a, ou dos seus pais no caso dun/ha menor, o illamento e comunicación ás autoridades sanitarias segundo marca a normativa de saúde.
- Os/as menores de idade deberán cumprir igualmente este protocolo.
- No caso de haber máis alumnos/as solicitantes que as prazas que establece este protocolo para unha determinada actividade, a xunta directiva poderá establecer medidas de reparto de vacantes.

LOCAIS E CLASES

- En todos os locais onde se impartan aulas de Queiroa deberá ser visible a cartelería coas normas anti COVID mais importantes.
- En cada local onde se impartan actividades, a Asociación facilitará dispensadores de xel hidroalcolico para uso dos/as alumnos/as.
- En cada local a Asociación disporá dun recipiente de lixo con apertura por pedal. A retirada da bolsa de lixo realizarase, como mínimo unha vez ao día, pola persoa encargada da limpeza e desinfección.
- En cada aula haberá panos desbotables custodiados polo monitor/a, para que se poidan efectuar desinfeccións no caso de producirse contacto involuntario entre as persoas e outras superficies ou obxectos.
- As aulas realizaranse mantendo abertas as fiestras e portas dos locais sempre que a temperatura e a humidade o permita, co fin de procurar a maior aireación posible.
- Non está permitido o emprego de ventiladores ou calquera elemento que provoque dispersión do aire dentro dun local. Nas clases do colexo de Mondego, onde hai instalados ventiladores, está prohibido o seu encendido.
- Cada local empregado para aulas de Queiroa deberá estar previamente desinfectado e aireado antes da entrada do alumnado e do/a monitor/a así como entre clases ou antes da entrada dun/ha alumno/a novo/a,. Durante o tempo de aireado non está permitida a presenza de ningunha persoa no seu interior.
- Con cada cambio de persoas no uso dun determinado local realizarase unha desinfección de mobiliario, pasamáns, cadeiras, barandas, pomos, e calquera superficie previamente tocada.

ASOCIACIÓN DE MÚSICA E DANZA TRADICIONAL



Rúa Miguel Pereiro Tacón, s/n
15168 Sada (A Coruña)
Telf.: 650 31 30 88
www.queiroa.org – Email: grupo.queiroa@gmail.com
CIF.: G15862956

- O tempo de aireación entre aulas estímase de 15 minutos para os locais da Asociación Armental de Carnoedo e de 30 minutos para as aulas do CEIP Mondego.
- Os locais que utiliza Queiroa son de uso compartido con outras persoas alleas á Asociación podendo darse o caso de que o local non se atope desinfectado no momento da utilización. Para evitar isto a directiva establecerá horarios de uso dos locais que contemplan o tempo previo de limpeza, desinfección e aireación de 30 minutos.
- Non está permitida a entrada a outra clase diferente por parte do alumnado.
- Durante os accesos aos locais deberase empregar máscara e un distanciamento mínimo de 1,5m entre persoas. O monitor establecerá a coordinación de entrada e saída as clases sendo necesario esperar a súa presenza no exterior da aula.
- Cada alumno deberá ter especial coidado en que as súas pertencencias: instrumentos mochilas, abrigos, fundas de instrumentos, etc non toquen coas dos/as demais alumnos/as.
- Como norma xeral, non está permitido compartir ningún instrumento, agás que a situación o requira por parte do/a monitor/a, que porá especial atención na súa manipulación e posterior desinfección.
- Ao entrar e saír da clase, cada alumno e monitor deberá de efectuar unha desinfección de mans con xel hidroalcolico.
- A utilización do WC quedará reducida a casos estrictamente necesarios.
- O aforo total do local ben determinado por 3m² de superficie útil por cada persoa., entendéndose que é para persoas sentadas e orientadas na mesma dirección sen realizar actividade. No caso de algunhas das aulas, non se dan estas circunstancias de estar sentado en liña.



- Cada actividade musical ten características diferentes polo que o distanciamento entre persoas pode variar e ser diferente ao aforo do local.
- Na clase de espellos de Mondego e moito máis na de manualidades, a altura do teito é tan baixa e estando tan pouco ventiladas fai razoable que se aumenten as medidas de prevención e a xunta directiva poida establecer medidas que restrinxan o aforo.
- En todos os casos de asignación de aforos haberá que ter en conta que o número de persoas no local é a suma do alumnado e máis do monitor.
- O número de prazas de alumnos nunha aula vén determinado pola distancia que hai que gardar nesa actividade e nunca poderá ser superior ao aforo.

DISTANCIA NAS AULAS

- A distancia social mínima é de 1,5m. Non está permitido separacións entre as persoas inferiores a esa distancia.
- No acceso ás clases e no seu interior, é responsabilidade de cada persoa non reducir ese distanciamento.
- En aulas teóricas onde as persoas estean sentadas, orientadas na mesma dirección e sen realizar actividade que poida incrementar a dispersión de virus, a separación entre os alumnos é de 1,5 m mínimo.
- Nas aulas de Violín os alumnos deberán estar sentados e cunha separación mínima de 1,5m. Se é posible o monitor procurará aumentar a separación.
- Nas aulas de percusión, onde hai instrumentos que case non propagan a difusión vírica (o tamboril, as castañolas, as caixas xordas) a distancia entre alumnos/as sentados/as podería ser de 1,5m pero dado que tamén se tocan instrumentos con máis dispersión do aire como o bombo, a pandeireta ou a lata, parece razoable que a distancia entre alumnos sexa de 2m que aporta unha mellor seguridade.
- O monitor procurará modificar a posición dos alumnos en función da dispersión de aire que efectúen os instrumentos e aumentar a distancia sempre que sexa posible.
- En aulas de canto tradicional, procurárase que as persoas sentadas non estean enfrontadas e a distancia mínima non debería ser inferior a 3m.
- En aulas de acordeón o alumnado estará sentado e cun mínimo de 2m entre . Sempre que se poida aumentarase a distancia entre os/as alumnos/as.
- En aulas de gaita onde soamente se emprega a frauta como instrumento, a distancia de separación mínima con outra persoa será de 3m no fronte do instrumento, e

ASOCIACIÓN DE MÚSICA E DANZA TRADICIONAL



Rúa Miguel Pereiro Tacón, s/n
15168 Sada (A Coruña)
Telf.: 650 31 30 88
www.queiroa.org – Email: grupo.queiroa@gmail.com
CIF.: G15862956

dado que no momento de alta dispersión de aire e partículas de saliva do executante, os demais alumnos non teñen a máscara posta, esta distancia mínima será toda igual ao redor do músico. O alumno estará sentado e o monitor procurará aumentar a separación entre as persoas se é posible.

- En aulas de gaita onde se empregue a gaita como instrumento, e dado a gran dispersión vírica que pode chegar a causar en todas as direccións ao seu redor, haberá que tomar especial precaución en respectar a distancia e as condicións de propagación do aire, a distancia recomendada será de 5 metros. Sempre que se poida deberase facer no exterior se non hai brisa ou vento que puidera aumentar a dispersión do aire e as partículas de saliva.
- Nas aulas de baile tradicional a distancia mínima recomendada entre as persoas será de 3 metros e o monitor procurará evitar tablóns ou rodas de elevada rapidez onde un bailarador chega a unha posición onde estivo outro bailarador non máis de facía un segundo.
- A actividade de baile tradicional deberase realizar ao aire libre sempre que sexa posible ou ben en pavillón.

SOSPEITA DUN CASO NA AULA

- Queiroa disporá dunha sala para aillamento con ventilación e que permita manter a distancia de seguridade entre dúas persoas,
- Esta estará dotada con dúas máscaras FFP2 e xel hidroalcolico para ser utilizado pola persoa con síntomas e outra persoa que será o/a monitor/a ou un representante da Xunta Directiva e que se encargará do seu traslado e acompañamento.
- O/a acompañante encargárase do contacto cos seus titores e permanecerá con ela ata a chegada dos mesmos, así como de chamar o 061 para informar da situación.

ACTUACIÓNS

- En actuacións do alumnado con presenza de público a distancia mínima de separación entre o músico e o público está fixada en 4 metros, sempre que o público e os músicos estean sentados.
- No caso de que o nº de actuantes da Asociación exceda o máximo aforo permitido nun escenario, deberase reducir os compoñentes da agrupación ata cumprir co marcado como máximo do escenario.
- A distancia mínima de separación entre o persoal técnico, músicos, persoas de produción ou calquera persoa detrás do escenario está fixada en 2m.

ASOCIACIÓN DE MÚSICA E DANZA TRADICIONAL



Rúa Miguel Pereiro Tacón, s/n
15168 Sada (A Coruña)
Telf.: 650 31 30 88
www.queiroa.org – Email: grupo.queiroa@gmail.com
CIF.: G15862956

- No caso de ensaios en escenario deberán respectarse as mesmas normas establecidas para a actuación.
- En actuacións de baile non se pode quitar a mascarilla .
- Calquera actuación de Queiroa deberá cumprir co protocolo existente para a mesma ou o existente para o local onde se efectúe.
- A asociación tentará elaborar un protocolo específico para cada actuación tendo en conta as normas de uso do local ou o protocolo propio da entidade contratante.

MATERIAIS

- Calquera material que Queiroa lle entregue o alumnado para a súa utilización nas aulas ou nas actuacións (instrumentos, vestuario, accesorios...) estará previamente desinfectado e embolsado individualmente.
- Non está permitido tocar a outra persoa para axudarlle a vestirse, peitearse ou situacións similares. A distancia de separación será, como mínimo de 1,5m.
- A entrega de calquera material por parte do/a monitor/a aa alumnado deberá realizarse con desinfección ou lavado previo das mans. O monitor terá especial precaución na entrega de pequenos materiais de uso contínuo como poden ser partituras, baquetas, etc
- As luvas, bolsas e material de envoltorios serán depositados nos contedores de lixo que a Asociación dispuxo en cada local, a apertura será sempre co pedal e sen tocar o recipiente nin a súa bolsa.